

ORDE DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO MEDIANTE POXA PÚBLICA DUN INMOBLE SITUADO NO CONCELLO DE NIGRÁN

Por Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública de 25 de marzo de 2021, acordouse o alleamento mediante poxa dun inmovible situado no concello de Nigrán.

Logo de publicarse no Diario Oficial de Galicia Núm. 115 do 18 de xuño de 2021, e nun xornal de ampla difusión (Faro de Vigo do mesmo día) o anuncio do 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, de alleamento do citado ben e dereito, celebrouse o 28 de xullo de 2021 a poxa pública anunciada, co que á vista da acta da mesa de contratación, de conformidade co disposto no artigo 70 do Decreto 50/1989, polo que se aproba o Regulamento de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e trala proposta da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio,

DISPOÑO

Primeiro

Aprobar a seguinte adxudicación:

A Carlos Alberto Loureiro Alves, polo prezo de catrocentos oitenta e cinco mil euros (485.000 €) o seguinte inmovible:

- Finca Urbana. Casa de planta baixa distribuída para unha vivenda en cociña, comedor, baño, 3 dormitorios, hall e soportal, cos seus servizos complementarios. Ocupa a superficie de 104 metros e 78 decímetros cadrados do terreo a pinar denominado "Foz", fronte á estrada da Ramallosa á praia América, sito na parroquia da Ramallosa, concello de Nigrán, co fondo que é de 25 metros á estrada da Ramallosa, da cabida de 1250 m²; (superficie gráfica catastro 1.770 m²); as liñas laterais son paralelas con 25 metros de ancho, cuxos lindes son os seguintes: Norte, máis de D. Jesús Quintero e terreo de Dna. Ramona Dieguez Cervela; Sur, máis terreo de Dna. Ramona Dieguez Cervela; Este, camiño veciñal; e Oeste, estrada que da Ramallosa vai á praia América. Sen cargas.

Inscrita no Rexistro da Propiedade núm. 6 de Vigo a nome da Comunidade Autónoma de Galicia como finca de Nigrán núm. 6042, folio 218, Tomo 2.826 do Libro 468.

Referencia catastral 5432009NG1653S0001MY.



Segundo

O pagamento do prezo do inmovible adxudicado efectuarase segundo o estipulado no artigo 70.3. do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro

A venda formalizarase como corpo certo en escritura pública, sendo por conta do adquirente, os custos do seu outorgamento. Os tributos derivados da transmisión serán esixidos conforme ao disposto na lexislación tributaria. Así mesmo, quedan a cargo do adxudicatario o pagamento dos custos dos anuncios que se teñan producido neste procedemento de alleamento.

Cuarto

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta Consellería no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ou recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
O conselleiro de Facenda e Administración Pública
P.D. (Orde 09/01/12)
O secretario xeral técnico e do Patrimonio
Jorge Atán Castro

